

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 2 OUTUBRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de Outubro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Dona Luísa del Carmen Escudero Centrón.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 25 de Setembro do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don Manuel Rodríguez Rodríguez**, con domicilio na N-120 A Groba nº 13, deste termino municipal, en virtude da instancia nº 629 de data 9 de febreiro de 2006, solicitando licenza municipal para a apertura dunha sala de xogos no inmoible sito na rúa Fonte da Prata nº 4, baixo, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don Manuel Rodríguez Rodríguez, para a apertura dunha sala de xogos no inmoible sito na rúa Fonte da

Prata nº 4, baixo, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

CONDICIONS URBANISTICAS.-

Expte: 12/09/2006/4266-CU/297: Vista a solicitude de **Don José Alvarez Vázquez**, con domicilio na rúa Hispanidad nº 66, 2ºC, Vigo, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita no Camiño da Fonte nº 42, O Seixo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 29.09.06, que literalmente di:

1. “A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

- a. Según o plano de situación aportado, corresponde a Solo de Núcleo Rural.
- b. Son de aplicación os Artigos 24 e seguintes da LOUGA.
- c. Dada a existencia dunha edificación de planta baixa sinalada co número 45, elle de aplicación o rexime de Edificio Fora de Ordenación, según sinala o Art. 103 da LOUGA.
- d. Sobre a condición da fonte-lavadeiro, e an súa parte posterior existen restos dun galpón, debendo o Concello investigar dita implantación, e o propietario acreditar a súa titularidade, pois por os indicios aparentes debe ser de titularidade privada a planta da vivenda e o resto terreo público, ao igual ca o lavadero, salvo que se acredite fehacemente outra situación.

- e. En calquera suposto, aos restos do galpón seralle de aplicación o que precise o Art. 26-c.
- f. Calquera posible actuación, deberase analizar respecto ao previsto no Art. 103, 104 e Art. 25 “Tipos de actuación” da LOUGA, así como demais disposicións regulamentarias.
- g. Adxúntase co presente informe:
 - i. Art. 24 e seguintes da LOUGA.
 - ii. Plano N.R. E 1: 5.000”.

Expte: 20/09/2006/4422-CU/307: Vista a solicitude de **Don Juan Manuel Rivela Martínez**, con domicilio na rúa Eladio Rodríguez nº10, 4º esquerda, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita no Camiño Formigueira (Ref. Catastral 00.15.6-56), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 29.09.06, que literalmente di:

1. “O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle Francelos Travesía, aprobado no pleno de 2 de novembro de 1993. Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.
2. A Parcela con Referencia Catastral 00.15.6-56, non se axusta ao prescrito por o Art. 16 da LOUGA non dispoñendo da condición de solar.
3. O Planeamiento Urbanístico anterior non axustado á LOUGA, establece na súa clasificación do solo:
 - a. Urbano, regulado por a Ordenanza UMB-II, 14.2 do E.D. Travesía de Francelos.
 - b. Ordenanza que require da súa correspondente harmonización en supeditación á LOUGA.
 - c. A área onde se atopa encravada a parcela, corresponde a Solo Urbano, cunha malla de viais según se establece na Cartografía Oficial, e non resolve cas parcelas do interior teñan a cualidade esixible para materializar aproveitamentos urbanísticos según establece a LOUGA.

- d. Consecuentemente, é un Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano Non Consolidado; sendo de aplicación o rexime correspondente regulado por os Art. 18-b), Art. 20 e concurrentes da LOUGA.
4. O Planeamiento actual, non foi adaptado á actual Lei, LOUGA, no seu prazo establecido.
5. Estarase ao que determina a D.T. Primeira e Segunda da LOUGA, así como a Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo, de data 14 de marzo de 2006, RE N° 1187.
6. Adxúntase co presente informe:
 - a. Cartografía Catastral.
 - b. Cartografía, E.D, E 1: 500, Alineacions, Rasante e Ordenación.
 - c. Ordenanza de Aplicación UMA-II.”

Expte: 19/05/2006/2332-CU/164: Vista a solicitude de **Innovare S.L.**, con domicilio no Polígono da Granxa, Parcela 240, 1º ,Porriño, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na rúa Muñoz Calero-Veronza (Ref. Catastral 12.34.8-15), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 29.09.06, que literalmente di:

1. “A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponden ás NNSSM publicadas nos BOP 239 de 16 de outubro de 1986 nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concurrentes.

2. Encontrándose en curso ante o zuzgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de OURENSE un pleito para determinar o verdadeiro alcance das NNSSM, derivado por a súa propia imprecisión así como por non estar acomodadas ditas normas á Lei 9/2002 (LOUGA) nas súas esixencias directas, revisions etc., considerando que salvo mellor criterio, deberase estar ao que determine o Tribunal do Contencioso Administrativo.
3. O planeamiento urbanístico anterior non axustado á LOUGA, establece na súa clasificación do solo:

4.1 Urbano, regulado por a Ordenanza RC, RESIDENCIAL CERRADA 4.1.

4. A área onde se encontran encravadas as parcelas, corresponden a solo urbano, cunha malla de camiños, servizos etc., que requiren da súa correspondente supresión e acomodación á lexislación urbanística vigente.

Consecuentemente, é un Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano non Consolidado.

5. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RE nº 1187.
6. A trama de nido de abexa, corresponde a Solo Urbanizable, SUB (P/UM) SOLO URBANIZABLE PRESCRIPCIÓN USOS MIXTOS.
7. O Solo Urbanizable, está suxeito á limitación de non poder ser urbanizado ata que se aprobe o correspondente PLAN PARCIAL, coas determinacións que fixa a Ordenanza 5-REGULACIÓN DO SOLO URBANIZABLE, así como 4.7 USO MIXTOS, e concurrentes.
8. Según o Art. 21, Réxime do Solo Urbanizable, “Os propietarios de solo clasificado como urbanizable terán dereito a usar, disfrutar e dispoñer dos terreos da súa propiedade, de acordo coa natureza rústica dos mesmos, debendo destinalos a fines agrícolas, forestais, ganadeiros ou similares”.
9. Adxuntando co presente informe:
 - 10.1 Lenda Organización Espacial. NNSSM.
 - 10.2 Plano Cartografía a E. 1:2000.”

Expte: 07/07/2006/3282-CU/224: Vista a solicitude de **Freixoal S.L. U. Barrantes Tomiño**, con domicilio na Avda. Ordoñez nº 24, baixo, Goian-Tomiño, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na rúa Muñoz Calero (Ref. Catastral 12.34.8-16), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 29.09.06, que literalmente di:

1. “A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponden ás NNSSM publicadas nos BOP 239 de 16 de outubro de 1986 nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concurrentes.

2. Encontrándose en curso ante o zuzgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de OURENSE un pleito para determinar o verdadeiro alcance das NNSSM, derivado por a súa propia imprecisión así como por non estar acomodadas ditas normas á Lei 9/2002 (LOUGA) nas súas esixencias directas, revisions etc., considerando que salvo mellor criterio, deberase estar ao que determine o Tribunal do Contencioso Administrativo.
3. O planeamiento urbanístico anterior non axustado á LOUGA, establece na súa clasificación do solo:

Urbano, regulado por a Ordenanza RC, RESIDENCIAL CERRADA 4.1.

4. A área onde se encontran encravadas as parcelas, corresponden a solo urbano, cunha malla de camiños, servizos etc., que requiren da súa correspondente supresión e acomodación á lexislación urbanística vigente.

Consecuentemente, é un Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano non Consolidado.

5. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RE nº 1187.
6. A trama de nido de abexa, corresponde a Solo Urbanizable, SUB (P/UM) SOLO URBANIZABLE PRESCRIPCIÓN USOS MIXTOS.
7. O Solo Urbanizable, está suxeito á limitación de non poder ser urbanizado ata que se aprobe o correspondente PLAN PARCIAL, coas determinacións que fixa a Ordenanza 5-REGULACIÓN DO SOLO URBANIZABLE, así como 4.7 USO MIXTOS, e concurrentes.
8. Según o Art. 21, Réxime do Solo Urbanizable, “Os propietarios de solo clasificado como urbanizable terán dereito a usar, disfrutar e dispoñer dos terreos da súa propiedade, de acordo coa natureza rústica dos mesmos, debendo destinalos a fines agrícolas, forestais, ganadeiros ou similares”.
9. Adxuntando co presente informe:

10.3 Lenda Organización Espacial. NNSSM.

10.4 Plano Cartografía a E. 1:2000. “

Expte: 07/07/2006/3282-CU/224: Vista a solicitude de **Freixoal S.L. U. Barrantes Tomiño**, con domicilio na Avda. Ordoñez nº 24, baixo, Goian-Tomiño, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na rúa Muñoz Calero (Ref. Catastral

12.34.8-17), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 29.09.06, que literalmente di:

1. “A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponden ás NNSSM publicadas nos BOP 239 de 16 de outubro de 1986 nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

2. Encontrándose en curso ante o zuzgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de OURENSE un pleito para determinar o verdadeiro alcance das NNSSM, derivado por a súa propia imprecisión así como por non estar acomodadas ditas normas á Lei 9/2002 (LOUGA) nas súas esixencias directas, revisions etc., considerando que salvo mellor criterio, deberase estar ao que determine o Tribunal do Contencioso Administrativo.

3. O planeamiento urbanístico anterior non axustado á LOUGA, establece na súa clasificación do solo:

Urbano, regulado por a Ordenanza RC, RESIDENCIAL CERRADA 4.1.

4. A área onde se encontran encravadas as parcelas, corresponden a solo urbano, cunha malla de camiños, servizos etc., que requiren da súa correspondente supresión e acomodación á lexislación urbanística vigente.

Consecuentemente, é un Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano non Consolidado.

5. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RE nº 1187.

6. Adxuntando co presente informe:

7.1 Lenda Organización Espacial. NNSSM.

7.2 Plano Cartografía a E. 1:2000.”

Expte: 07/07/2006/3282-CU/224: Vista a solicitude de **Freixoal S.L. U. Barrantes Tomiño**, con domicilio na Avda. Ordoñez nº 24, baixo, Goian-Tomiño, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na rúa Muñoz Calero (Ref. Catastral 12.34.8-15), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 29.09.06, que literalmente di:

1. “A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponden ás NNSSM publicadas nos BOP 239 de 16 de outubro de 1986 nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

2. Encontrándose en curso ante o zuzgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de OURENSE un pleito para determinar o verdadeiro alcance das NNSSM, derivado por a súa propia imprecisión así como por non estar acomodadas ditas normas á Lei 9/2002 (LOUGA) nas súas esixencias directas, revisions etc., considerando que salvo mellor criterio, deberase estar ao que determine o Tribunal do Contencioso Administrativo.

- 3 O planeamiento urbanístico anterior non axustado á LOUGA, establece na súa clasificación do solo:

Urbano, regulado por a Ordenanza RC, RESIDENCIAL CERRADA 4.1.

4. A área onde se encontran encravadas as parcelas, corresponden a solo urbano, cunha malla de camiños, servizos etc., que requiren da súa correspondente supresión e acomodación á lexislación urbanística vigente.

Consecuentemente, é un Solo Urbano na Categoría que establece o Art. 12-b, Solo Urbano non Consolidado.

5. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como á Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo e de data 14 de marzo de 2006, RE nº 1187.
6. A trama de nido de abexa, corresponde a Solo Urbanizable, SUB (P/UM) SOLO URBANIZABLE PRESCRIPCIÓN USOS MIXTOS.
7. O Solo Urbanizable, está suxeito á limitación de non poder ser urbanizado ata que se aprobe o correspondente PLAN PARCIAL, coas determinacións que fixa a Ordenanza 5-REGULACIÓN DO SOLO URBANIZABLE, así como 4.7 USO MIXTOS, e concurrentes.
8. Según o Art. 21, Réxime do Solo Urbanizable, “Os propietarios de solo clasificado como urbanizable terán dereito a usar, disfrutar e dispoñer dos terreos da súa propiedade, de acordo coa natureza rústica dos mesmos, debendo destinalos a fines agrícolas, forestais, ganadeiros ou similares”.

9. Adxuntando co presente informe:

10.5 Lenda Organización Espacial. NNSSM.

10.6 Plano Cartografía a E. 1:2000. “

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

“Do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, comunicando Sentencia relativa o recurso contencioso-administrativo, procedemento ordinario 0005266/2002 “.

“Da Dirección Xeral de Acción Social, Resolución concedendo subvención para a prestación de servizos sociais (Axuda a Domicilio), por importe de 5.074,2 euros”.

“Convenio de Colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia para a execución das obras de Urbanización e Infraestructuras nas rúas Mérelles Caúla e Banda Lira no Casco Histórico”.

“Da Mancomunidade Turística dos Municipios de Carballiño, Ribadavia, Bóboras e Leiro, comunicando acordo da sesión extraordinaria do Pleno da Mancomunidade relativo a aportación extraordinaria de 5.250 euros, para a redacción dun plan Director de Actuación Turística da Mancomunidade Turística Terras do Avia”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DO PADRÓN DO IAE

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación ao Padrón Municipal do Imposto de Actividades Económicas correspondente ao exercicio de 2006, por importe de 32.186,85 euros. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda fixar o período de cobro voluntario entre o 5 de outubro e o 5 de decembro de 2006.”

APROBACION DE CONVENIOS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio entre o Concello de Ribadavia e Dona Sara Fraser para a realización da actividade de Silat de la Grulla Blanca (Kun-fu).

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº3/06.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 3 /06, por importe de 426.248,86 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal.

CERTIFICACIÓN Nº6 DA OBRA SANEAMENTO SANTO ANDRÉ E A QUINZA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 6 da obra denominada “Saneamento Santo André a Quinza”, POL 2005, Obra núm. 8/476, por un importe total de 24.376,49 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 1.009,19 euros; Feder/Map, 2.534,77 euros; Feder/A.L, 14.706,34 euros; Deputación, 809,03 euros e Concello, 5.496,89 euros.”

ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADAS “ACONDICIONAMENTO DO PASEO ENTRE MURALLAS DO CASTELO DO SARMENTOS ATA TORREON- FASE I E ACONDICIONAMENTO DO RECINTO INTERIOR DA NECROPOLIS.

“Vista a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación a favor da U.T.E. SUSO FERNANDEZ S.L.-DICONSA, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Adxudicar a obra de Acondicionamento do paseo entre Murallas do Castelo do Sarmentos ata Torreon Fase I e Acondicionamento do recinto interior da necrópolis a **U.T.E. SUSO FERNANDEZ S.L.-DICONSA**, por resultar a oferta máis vantaxosa para o Concello, sendo o importe de adxudicación de 200.000 euros e demais oferta realizada pola empresa que de seguido transcribese:

- **Aumento de Obra sobre a definida en Proxecto:** 24.500 euros.
- **Prazo de execución da obra:** 3 meses.
- **Prazo de garantía e asistencia técnica:** 38 meses.

2º.- Comunicar ó adxudicatario que deberá proceder a constitución da garantía definitiva equivalente ó 4% do importe de adxudicación no prazo de 15 días seguintes a notificación da adxudicación.

3º.- Comunicar ó adxudicatario, que previa constitución da garantía definitiva, deberá procederse a formalización do contrato no prazo de 30 días seguintes a notificación da adxudicación.

4º.- Proceder a publicación do acordo de adxudicación no BOP de conformidade co disposto no artigo 93 do RD Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

5º.- 5º.- Nomear como Técnico Director da obra a don Miguel A. Calvo Salve e Dona María Jesús Blanco Piñeiro.

6º.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario e o nomeado para a dirección da obra, así como os licitadores non adxudicatarios aos que se lle deberá devolver a garantía provisional constituída ao efecto.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.